

## ACTA DE REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL “GREEN CAMPUS” FEE

Día: 25/11/20.

Lugar: MS Teams.

Hora inicio: 18.35.

Orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Exposición dos plans de acción de cada grupo (parciais) e, de ser o caso, aprobación do Plan de Acción do centro.
3. Altas e baixas no Comité Ambiental.
4. Rolda aberta de intervencións.

Asistentes:

SEDA NIKOGHOSYAN TUMANYAN	GARCÍA ARTHUS, EMILIA L.
IRINA PUERTO ALVAREZ	IGLESIAS ANTELO, SUSANA
SIABA CASAIS, SABELA (bolseira OMA)	LADO GONZÁLEZ, EVA
ALLÓ PAZOS, MARÍA	LONGARELA ARES, ÁNGELES
ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, M <sup>ª</sup> AMÉRICA	RODRÍGUEZ GULÍAS, MARÍA JESÚS
BALSA SÁNCHEZ, CARLOTA	LÓPEZ MARTÍNEZ, IVÁN (coord.)
DE LLANO PAZ, FERNANDO	MOURELLE ESPASANDÍN, ESTEFANÍA (coord.)
GAGO CORTÉS, CARMEN	

Excusan asistencia:

GARCIA ÁLVAREZ, M <sup>ª</sup> TERESA	SALIDO ANDRÉS, NOELIA
LAGOA VARELA, DOLORES	VARELA CANDAMIO, LAURA

### 1. Informe dos coordinadores.

O coordinador Iván López agradece a asistencia á reunión, así como a participación no programa “Green Campus”. Realiza unha breve exposición do acontecido dende a última reunión ata a actualidade, así como introduce á nova bolseira da OMA que colaborará no Green Campus da FEE, Sabela Siaba. Coméntase tamén a incidencia que a pandemia pode ter no programa Green

Campus. Non hai novidades sobre o programa en sí, polo que a priori seguimos a senda xa trazada; segue sendo o noso obxectivo presentarnos a avaliación no ano 2021.

O coordinador indica que na preparación da Memoria de Actividades da FEE se pediu a contribución do Green Campus a través das actividades desenvolvidas no marco do programa; estas foron enviadas e poderán ser consultadas na memoria cando esta se aprobe en Xunta de Facultade. Iván López destaca a grande cantidade de accións que xa foron levadas a cabo, motivo polo cal debemos estar contentos.

## **2. Exposición dos plans de acción de cada grupo (parciais) e, de ser o caso, aprobación do Plan de Acción do centro.**

Os grupos realizarán a exposición do seu plan de acción. Antes disto, Iván López dá instrucións sobre cómo presentar e actualizar o plan de acción. Coa fin de axustar as datas, acórdase indicar na temporalización “abril de 2021” como data límite.

Antes das exposicións, pregúntase se alguén debe abandonar pronto a reunión, para así facer a súa presentación en primeiro lugar, e non parece haber ninguén nesta situación. Así, comeza a exposición o grupo 2 por parte de Susana Iglesias, equipo que xa enviara un documento previo coas propostas de modificacións que sinalan na reunión e que incorporarán ao plan de acción renovado. Ao fío dos seus comentarios, o coordinador lembra o contacto da OMA para realizar charlas na FEE sobre tratamento de residuos e a colocación de isletas de separación no centro. Estas charlas oriéntanse a alumnos de primeiro curso e serán levadas a cabo polos bolseiros da OMA. Dada a envergadura do centro e que o mes de decembro non parece o máis axeitado para que os estudantes presten máis atención (por existencia dun importante número de probas avaliación), propónse deixalas para febreiro, coincidindo co inicio do cuadrimestre. O Comité está dacordo e se trasladará á OMA.

No turno do grupo 3, fala Irina Puerto e comenta que o traballo está en stand-by (Noelia Salido xustificou ausencia), polo que manteñen as cinco accións iniciais. No grupo 5, interveñen Eva Lado e Carlota Balsa. Neste grupo se decide eliminar a acción 5.5. e se atopan pendentes de valorar economicamente a 5.7 e a 5.8. Ademais, preguntan se é mellor crear sub-accións ou accións separadas. Iván López indica que é mellor ter accións ben definidas e co seu grao de detalle. Sobre unha das accións integradas neste grupo, a instalación de mesas de ping-pong no centro, interveñe a alumna Seda Nikoghosyan para indicar que se ben está conforme coa actividade, suxire substituír as pelotas actuais por unhas de espuma para que fagan menos ruído. Se dará traslado a esta suxestión.

No grupo 6, Dolores Lagoa xustifica a súa ausencia. O grupo 8 disculpou tamén asistencia e por correo-e deixaron escrito que as accións que tiñan previstas non poden levarlas a cabo; as accións 8.1 e 8.2 (tónor e tinta) non son factible e sobre a 8.3 (máquinas vending), hai outro grupo (o 6) que podería levarla a cabo de forma eficaz por ter experiencia no tema. Plantéxase a posibilidade de asignar actividades a este grupo 8 por quedarse sen elas.

No grupo 9, Emilia García realiza a exposición. No seu plan de acción se plantexa a posibilidade de engadir a acción 9.10 (na asignatura que imparte Emilia) e a 9.11 (organización de conferencias). Tamén se retoma o tema dos taboleiros, que semella que se poden empregar os da planta 1 sobre todo para cuestións que poden permanecer máis tempo (non tanto para anuncios puntuais) e tamén se fala de establecer unha coordinación clara en canto a difusión e divulgación. A alumna Seda Nikoghosyan fala por exemplo dalgunas iniciativas como “Too good to go” para levar a cabo porque o alumnado se pode involucrar nela, mais se pensa que pode ser un aspecto máis ligado ao equipo 6. O equipo enviará máis modificacións menores. No grupo 10 interveñen Carmen Gago e Seda Nikoghosyan cunha presentación na que sinalan, ademais das súas propias accións, catro novas para outros equipos por temática.

Se ben era o turno do grupo 1 (ubicado ao final porque posúen un amplo número de accións que precisan de tempo para ser tratadas), dada a hora acadada se acoudou pasar ao punto 3 e deixar un turno para intervencións, retomando a exposición do grupo 1 máis tarde. Deste grupo estaban presentes tanto Fernando de Llano como América Domínguez e Ángeles Longarela, que enviaron de forma previa á reunión un arquivo coas modificacións no seu plan. Discútese os cambios propostos. En particular, sobre a línea 1.9 (potencial supresión dos secamáns) se indica que podería ser tratada polo equipo 8. Asimesmo, Iván López sinala que consultará a Manuel Soto un tema que preocupa especialmente, que é o uso eficiente dos puntos de luz no centro. Elimínanse as acción 1.5, 1.6 e, potencialmente, a 1.10.

Lémbrese a todos os grupos que refagan o seu plan de acción (parcial) coas modificacións que estimen oportunas tras a reunión e coas instrucións dadas.

### **3. Altas e baixas no Comité Ambiental.**

Ademáis da bolsa da OMA, temos un estudante de Grao para integrarse no Comité Ambiental, así como un exalumno e profesional que contactou coa coordinación do programa polo seu interese nel. Tamén se informa da baixa de Rubén Lado por fin de contrato na UDC e a incorporación de María Jesús Gulías como coordinadora do PAT, xa que dende a coordinación do Green Campus se entende esta figura pode resultar de gran axuda, en especial para tarefas de difusión. Intervén a profesora Gulías agradecendo a integración no Green Campus e aporta ideas para a difusión de accións entre a comunidade universitaria. Por último, se indica que o grupo que precise dun estudante para levar a cabo as súas accións, o comunique e así procederíamos a integrar ao novo estudante nese equipo.

### **4. Rolda aberta de intervencións.**

Susana Iglesias pregunta se dous estudantes seguen no comité ambiental y se lle indica que non nos consta o contrario; nos correos que se envían se indica que os estudantes que terminaran o Grao sinalen se desexan continuar formando parte da iniciativa como exalumnos ou non, e ninguén manifestou nada a este respecto.

(Nota. Esta intervención tivo lugar logo de adiantar o punto 3 da orde do día)

Hora fin: 21.35.

Asinado: Estefanía Mourelle (actúa como secretaria na reunión)

## ENVÍO DA CONVOCATORIA DE REUNIÓN DO COMITÉ AMBIENTAL

\* Por correo electrónico

**De:**Comité Ambiental da Facultade de Economía e Empresa <green.fee@udc.es>

**Enviado:**martes, 17 de novembro de 2020 11:32

**Para:**franpardo8@gmail.com <franpardo8@gmail.com>; yagobf@gmail.com <yagobf@gmail.com>; marta.pastoriza.costas@gmail.com <marta.pastoriza.costas@gmail.com>; Ana Baneira Suárez <ana.baneira.suarez@udc.es>; Laura Carregal Castro <laura.carregal.castro@udc.es>; Alberto Manuel Castedo Pernas <alberto.castedop@udc.es>; amcastedo.pernas@gmail.com <amcastedo.pernas@gmail.com>; Helena Darriba Lindín <helena.darriba@udc.es>; Nuria Fernández Hadi <nuria.fernandezh@udc.es>; dmrp95@hotmail.com <dmrp95@hotmail.com>; Rubén Vázquez Doval <r.doval@udc.es>; giordanoflores@outlook.com.ar <giordanoflores@outlook.com.ar>; Carlota María Balsa Sánchez <carlota.balsa@udc.es>; María Elena Fernández Calvo <elena.fernandezc@udc.es>; Patricio Parada Robles <patricio.parada@udc.es>; María José Parga Massa <maria.parga@udc.es>; María Alló Pazos <maria.allo.pazos@udc.es>; María América Álvarez Domínguez <america.alvarez@udc.es>; Amalia Blanco Louro <amalia.blanco.louro@udc.es>; Fernando De Llano Paz <fernando.de.llano.paz@udc.es>; María Carmen Gago Cortés <m.gago@udc.es>; María Teresa García Álvarez <teresa.galvarez@udc.es>; Emilia Luísa García Arthus <emilia.garcia.arthus@udc.es>; Susana Iglesias Antelo <susana.iglesias.antelo@udc.es>; Eva-María Lado González <eva.lado@udc.es>; María Dolores Lagoa Varela <dolores.lagoa@udc.es>; Ángeles María Longarela Ares <angeles.maria.longarela.ares@udc.es>; chemaudc <chemaudc@gmail.com>; Paulino Montes Solla <paulino.montes.solla@udc.es>; José Benito Pérez López <benito.perez@udc.es>; Gustavo Rego Veiga <gustavo.rego@udc.es>; Noelia Salido Andrés <noelia.sandres@udc.es>; Laura Varela Candamio <laura.varela.candamio@udc.es>; Fernando Pedro Bruna Quintas <f.bruna@udc.es>; Iria Vázquez Pillado <iria.vazquez.pillado@udc.es>; Irina Puerto Alvarez <irina.puerto@udc.es>; Laura Otero Lombán <laura.otero2@udc.es>; Natalia Moura Fariña <natalia.moura.farina@udc.es>; Seda Nikoghosyan Tumanyan <seda.nikoghosyan@udc.es>; Brais Campos Canosa <brais.camposc@udc.es>; Iván López Martínez <ivan.lopezm@udc.es>; Óscar Martínez Díaz <oscar.martinez2@udc.es>; Sabela Siaba Casais <sabela.siabac@udc.es>; Jhon Gomez Llanos <jhon.gomezl@udc.es>; Víctor Lama - Fogar do Santiso <victor.lama@fogardosantiso.es>; María Jesús Rodríguez Gulías <maria.gulias@udc.es>; Estefanía Mourelle Espasandín <estefania.mourelle@udc.es>

**Asunto:**Reunión Comité Ambiental FEE

Estimados membros do Comité Ambiental

Convocámosvos á reunión do Comité Ambiental do Green Campus da FEE que terá lugar o vindeiro **mércores 25 de novembro de 2020 ás 18.30 a través de MS Teams**, coa seguinte orde do día:

1. Informe dos coordinadores.
2. Exposición dos plans de acción de cada grupo (parciais) e, de ser o caso, aprobación do Plan de Acción do centro (\*).
3. Altas e baixas no Comité Ambiental (\*\*).
4. Rolda aberta de intervencións.

(\*) Cada grupo deberá expor brevemente cal é plan de acción final do seu equipo (especialmente, no caso de que houbese cambios, tal e como indicamos no último correo-e),

para que os demais membros tamén posúan directamente esta información e poder logo conformar o Plan de Acción do centro (suma das acción dos equipos).

(\*\*) No caso de estudantes que xa rematarades o Grao, sería do noso agrado que seguídeses formando parte do Comité Ambiental, pois os egresados/ex-alumnos tamén forman parte del. De ser o caso, indicade se queredes continuar, porque procederíamos a mudar o rol a "ex-alumno", é un simple acto formal.

Prégase que, cando menos, acuda á reunión un membro de cada equipo de traballo para expór as liñas de acción do seu grupo.

En breve recibiredes un correo que informará da vosa incorporación a un grupo de Teams (sí, outro máis 😊).

Recibide un cordial saúdo.

Iván López  
Estefanía Mourelle

*Coordinadores Green Campus FEE*

---

*Programa Green Campus da FEE*